



Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) neste Concello, presenta a seguinte **MOCIÓN** diante do Pleno da Corporación Municipal en relación co **deterioro da calidade do ensino en Ribeira logo do peche do IES Coroso.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Mediante decreto e Orde do 22 e 23 de xuño de 2011, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia deu fin ás ensinanzas de ESO e Bacharelato no IES Coroso de Ribeira. Como puxeron en evidencia as múltiples manifestacións de alumnado, profesorado, pais e nais do IES Coroso pero tamén doutros centros e, en xeral, da cidadanía ribeirense, a decisión da Xunta de Galicia ten provocado unha xustificada alarma social da que o BNG de Ribeira participa. Alarma compartida porque a **decisión da Xunta non está xustificada nin no fondo nin na forma** en que foi levada a cabo. No fondo porque se **pecha un centro público** que estaba realizando unha recoñecida labor formativa, con alumnado suficiente e con perspectivas de seguir téndoo á luz dos datos demográficos. Péchase ademais provocando unha **redución de prazas** de ensino público e unha **masificación nos demais centros públicos** do concello co conseguinte **deterioro da calidade do ensino**. Na forma porque a **Consellería oculta unha decisión tomada hai meses** e obriga á inscrición no mesmo IES Coroso tanto ao alumnado do centro como ao dos centros de primaria adscritos. Concúlcense, deste xeito, dereitos fundamentais de profesorado (forzado ao traslado), de pais/nais e alumnado que posteriormente se ve obrigado a buscar praza noutros centros aos que son adscritos en moitos casos de xeito forzoso por falla de prazas ou problemas de transporte.

Que o Dir. Xeral da Consellería anuncie o peche de Coroso en rolda de prensa o mesmo día que se convoca a Mesa Sectorial de Educación demostra o **desprezo da Xunta cara a Comunidade Educativa e a sociedade de Ribeira**. Que a Xunta non convoque ningún novo ciclo formativo en Ribeira para o curso 2011/2012 demostra que a suposta mellora da FP é unha cortina de fume para ocultar a verdadeira razón do peche: a eliminación de prazas de ensino público, coa desculpa do aforro, mentres se aumentan o diñeiro, tamén público, destinado ao ensino privado.

Por todo o exposto, en consonancia coas demandas da comunidade educativa de Ribeira, e co obxectivo de recuperar o vindeiro curso os niveis de calidade do ensino no noso concello, propón po seguinte

### ACORDO

- 1.- Pedir da Consellería de Educación da X. de G. que se manteña a oferta de postos de ensino público de ESO e Bacharelato ampliando, se é necesario, a dos centros públicos existentes en Ribeira.
- 2.- Que o número real de alumnos por aula se manteña en torno aos 25 por aula e se permitan os grupos de apoio, reforzo e atención á diversificación que razoadamente propoñan os Centros educativos.
- 3.- Que se dea solución aos problemas de transporte para que en ningún caso sexa esta causa de denegación do centro elixido.
- 4.- Que estes acordos sexan trasladados á Consellería de Educación en xuntanza con presenza de representantes da Comunidade Educativa do IES Coroso e do Alcalde de Ribeira.

Ribeira, 11 de xullo de 2011

Asdo: Xosé Luís Groveiro

Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Ribeira.